

O caldo de Rosalía,
a épica dos
humildes.

Queremos conmemorar o Día de Rosalía lembrando o poema "Miña casiña, meu lar" de *Follas novas*, no que unha muller pobre conta un capítulo da súa épica diaria: a de sobrevivir. Esta muller que vén de Santiago a Padrón e chega á casa mollada e esfameada, a pesar de que carece de todo e de que os seus avaros veciños lle negan o que lles sobra (broa e leña), consegue o milagre da supervivencia: facer un humilde caldo de gloria e un bolo do pote. No seu triunfo sobre a desventura e a pobreza, ó pé da quenturiña da lareira no seu fogar, está tamén a lección de como con case nada o ser humano é quen de sobrevivir e ademais ser feliz. Queremos que Galicia lembre a Rosalía no seu día compartindo en lugares públicos ou no ambiente familiar este caldo dos humildes, un caldo para celebrar tamén a nosa cultura gastronómica popular.

DÍA DE ROSALÍA

23 DE FEBREIRO

 CASA DE ROSALÍA

CALDO D^e GLORIA



FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO
rosalia.gal

 XUNTA
DE GALICIA

*Miña casiña, meu lar,
cantas onciñas
de ouro me vals.*

Vin de Santiago a Padrón cun chover que era arroiar, descalciña de pé e perna, sin comer nin almorzar. Polo camiño atopaba ricas cousas que mercar i anque ganas tiña delas non tiña para as pagar.

Fun chegando á miña casa toda rendida de andar; non tiña nela frangulla con que poidera cear. A vista se me varría que era aquel moito aunar. Fun á porta dun veciño que tiña todo a fartar; pedinlle unha pouca broa e non ma quixo emprestar.

Volvinme á miña casiña alumada do luar; rexistrei cada burato para ver de algo atopar: atopei fariña munda, un puñiño a todo dar. Vino no fondo da artesa, púxenme a Dios alabar. Quixen alcende-lo lume, non tiña pau que queimar. Funillo a pedir a unha vella, tampouco mo quixo dar si non era un toxo verde para me facer rabiar.

Collín un feixe de palla, do meu leito o fun pillar. Rexistrei polo cortello mentras me puña a rezar e vin uns garabulliños e fieitos a Dios dar.

Arrimei o pote ó lume con augua para quentear. Mientras escaravellaba na cinza, vin relumbrar un ichavo da fertuna... Miña Virxe do Pilar! Correndiño, correndiño o fun en sal a empregar. Máis contenta que unhas páscoas volvín a porta a pechar e na miña horta pequena unhas coles fun catar.

Con un pouco de unto vello que o ben soupen aforrar e ca fariña munda xa tiña para cear.

Fixen un caldo de groria que me soupo que la mar, **fixen un bolo do pote** que era cousa de envidiar. Despois que o tiven comido, volvín de novo a rezar e despois que houben rezado puxen a roupa a secar, que non tiña fío enxoito de haber tanto me mollar. Nantramentres me secaba púxenme logo a cantar para que me oíran en todo o lugar:

*Meu lar, meu fogar,
cantas onciñas
de ouro me vals.*